

---

ANO DO LIBRO

### Cultura financia con 30.000 euros actos da asociación de escritores

O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, asinaron un convenio de colaboración polo cal o departamento autonómico destinará 30.000 euros á realización conxunta de varios programas literarios enmarcados no Ano do Libro e a Lectura en Galicia, entre eles a creación do premio Os Bos e Xenerosos 2010, que galardoará os concellos que manteñen vivo o Blanco Amor; e os premios da AELG. **EP**